

Carlos Callón, autor de «O libro negro da lingua galega»: «A un taxista déronlle 48 horas para cambiar Rianxo por Rianjo»

[Sandra Faginas](#) 29 de setembro de 2022

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/fugas/2022/09/29/carlos-callon-autor-libro-negro-da-lingua-galega-taxista-deronlle-48-horas-cambiar-rianxo-rianjo/00031664445343790167432.htm>

Que un ensaio sexa un éxito literario xa é unha sorpresa, pero que un ensaio, ¡de 768 páxinas! sobre a lingua galega se converta nun dos *best sellers* do verán é, ademais, «emocionante». Así o está vivindo [Carlos Callón](#), o autor deste bum que é [O libro negro da lingua galega](#). Un libro rigoroso pero moi ameno no que se dá conta de todas as dificultades que ao longo de 500 anos tiveron os galegos para desenvolverse na lingua propia. A recompilación de anécdotas no rexistro civil, na escola, nos medios, ou mesmo na rúa son eses pequenos detalles que iluminan unha situación que, a xuízo do profesor e presidente de honra da Mesa pola Normalización Lingüística, é estarrecedora.

—No libro constatas que ao longo de cinco séculos falar e escribir en galego foi unha heroicidade. Que anécdota che sorprendeu máis?

—Eu non sabía que os fascistas profanaran a tumba de Alexandre Bóveda para cambiarlle o nome na lápida que el mesmo deixara disposta antes de que o asinasen, porque el quería que puxese Alexandre en galego. E houbo franquistas que entraron na tumba e lle puxeron un iota por riba. Tamén me sorprendeu que non estivesen recollidas en ningún libro a cantidade de multas que se poñían por falar galego en público, ou ese expediente que se abriu a un funcionario da Deputación de Lugo por «exagerado acento gallego». Sorprendéronme moitas anécdotas.

—Ti partes de varias premisas ou falacias. Unha delas é que o galego non só foi perseguido no franquismo.

—Si. Hai quen pensa que a situación do galego actual de perda de falantes é debida a que a xente espontaneamente non o ama ou porque non se reclamou a súa extensión social, pero o franquismo só aplicou unha política que xa era habitual. Durante a Segunda República o galego non foi lingua oficial non porque non cumprise os criterios, como foi o caso catalán, senón porque se lle puxeron paus na roda. Castelao pediu nas Cortes Constituíntes en 1931 que non se

obstaculizase o uso do galego na Administración e votouse en contra. E antes, en 1910, pediuse a cátedra de galego para Santiago e o gobernador civil interveu parando esas mobilizacións. Hai moitos exemplos.

—En que época houbo máis represión?

—Hai tres momentos traumáticos: a finais do século XV, coa doma do reino de Galicia por parte dos Reis Católicos, outro coa chegada dos Borbóns no século XVIII, que significou a agresividade escolar e as tentativas de desgaleguización. É cando se publica algún regulamento que di que hai que perseguir aos nenos na escola que falen galego. E o terceiro foi o franquismo.

—Cal foi a maior multa por defender o galego?

—Se non me falla a memoria, foi para La Voz de Galicia. Nos anos 60 permitiuse utilizar na misa a lingua que a xente falaba, e no Estado español foi así para o castelán, o vasco e o catalán, pero non para o galego. Entón empezou unha mobilización en defensa da lingua, que penso que foi a maior do século XX, na que La Voz tivo un papel destacado. Deulle un premio Fernández Latorre a un artigo que defendía a misa en galego e por esa causa impúxoselle unha multa de 50.000 pesetas. Tamén á mestra Pepa Baamonde deixárona medio ano sen soldo por falar en galego a nenos de 4.º de primaria. Hai moitos casos.

—Como o do taxista.

—Si, foi en 1972. Déronlle 48 horas para rotular o seu coche co nome de Rianjo en lugar de Rianxo. Se non o facía, quitábanlle a licenza. Eu agradecínlle en persoa a ese taxista, que puido asistir este verán ao acto de presentación do libro e contou alí mesmo a historia. Un relato que di moito porque son historias de xente que levantou a voz e non quixo asumir esas prohibicións como algo natural. Persoas que querían poñerlle nomes galegos aos fillos e non podían, ou aquelas ás que obrigaban a castelanizarlle o apelido, como esa señora que de golpe pasa de ser Meixide a Meigide.

—Arrepía o que relatas de Franco Grande, cando está falando en galego con outros escritores e de súpeto entra a garda civil.

—Si, e o garda civil di: «Si me diesen una metralleta, tra, tra, tra...». Falar galego era ter unha bandeira vermella sinalando que non estabas co franquismo. Esa foi unha loita importante: falar galego con normalidade en calquera lugar.

—Vese a represión en todos os ámbitos.

—Si, e é unha represión no sentido freudiano: foi algo que fixo moito dano. Miña nai contoume que de pequena lle pegaron coa regra nas mans por falar en galego, e dicíamo como algo normal, sen importancia. Que nos anos 50 atasen aos meniños a «la silla de castellano» cando falaban galego non era para tanto. Que che tirasen a comida no recreo se falabas galego non era para tanto; se che vareaban, non era para tanto... E se non era para tanto, por que deixaches de falalo cos fillos? Por que pensas que o teu idioma non serve? O trauma nótase nas secuelas que tivo.

—Se tiveses que facer o «Libro negro» da situación actual, que contarías?

—Hai moitas! Que o Goberno galego decidiu colocar como requisito para as axudas ás bibliotecas públicas un mínimo de compra do 50% dos libros en castelán. O cal quere dicir que poden comprar cero libros en galego. Contaría que se segue prohibindo o libro de Matemáticas en

galego; non hai ningún atlas en galego; ou que as empresas de telefonía che cortan a chamada porque queres falar en galego e non te deixan...

—Cres que o galego vai desaparecer?

—Estou convencido de que non. Temos moitas dificultades, pero aínda moito que dicir en galego. Hai moito amor, vímolos coas Tanxugueiras, moita xente votou por elas, gastou diñeiro nelas, e víase representada. Moita xente non fala galego e apoia as políticas a favor do galego. Esa idea de que se non falas galego, non o amas non é verdade. Aínda que eu animo a todo o mundo a que o fale, o uso é a maior defensa dunha lingua.